

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 25 de setembro de 2008.

P.D. (Orde 2-1-2007)

Marta Souto González

Directora xeral para o Deporte

CONSELLERÍA DE SANIDADE

Orde do 15 de setembro de 2008 pola que se establecen e implantan os procedementos de seguridade e o sistema de vixilancia fronte ao accidente con risco biolóxico no ámbito das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde.

O artigo 40.2º da Constitución española encomenda aos poderes públicos, como un dos principios reitores da política social e económica, desenvolver unha política de protección da saúde dos traballadores mediante a prevención dos riscos derivados do traballo.

A Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, dá resposta a este mandato constitucional e é desenvolvida, entre outras normas, polo Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención, o Real decreto 664/1997, do 12 de maio, sobre a protección dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición a axentes biolóxicos durante o traballo, e a súa adaptación en función do progreso técnico pola Orde do 25 de marzo de 1998, e o Real decreto 1215/1997, do 18 de xullo, no que se establecen as disposicións mínimas de seguranza e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo.

É necesario indicar que a regulación contida na Lei de prevención de riscos laborais e as súas normas de desenvolvemento foi obxecto de modificación mediante a Lei 54/2003, do 12 de decembro, de reforma do marco normativo da prevención de riscos laborais, que incide na necesidade de integración da prevención de riscos laborais na empresa, establecendo para o empresario de xeito expreso a obriga de garantir a seguranza e a saúde dos traballadores ao seu servizo en todos os aspectos relacionados co traballo.

Pola súa banda, a Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, recolle no seu artigo 21 os distintos aspectos que integran a actuación sanitaria no ámbito da saúde laboral, precepto ao que se remite de forma expresa o artigo 10 da citada Lei de prevención de riscos laborais.

Tamén cabe citar no campo sanitario a Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do sistema

nacional de saúde, que recolle como prestación de saúde pública a promoción e protección da saúde laboral, así como a Lei 55/2003, do 16 de decembro, do estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, que considera un dereito dos traballadores recibir unha protección eficaz en materia de seguranza e saúde no traballo.

A normativa existente fai fincapé sobre o dereito do traballador á protección da súa saúde e seguranza e a existencia dun correlativo deber do empresario de protección do traballador fronte aos riscos laborais.

O Servizo Galego de Saúde, por proposta do Servizo Central de Prevención de Riscos Laborais e atendendo aos principios que rexen a acción preventiva, considera necesario impulsar e implantar o uso de produtos sanitarios con dispositivo de seguranza que permitan reducir a exposición ao risco biolóxico producido pola exposición accidental a fluídos corporais, principalmente o sangue, nas actuacións sanitarias.

Desde esta perspectiva, é obxectivo da Consellería de Sanidade minimizar a incidencia dos accidentes relacionados con axentes biolóxicos entre o persoal das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, mediante o establecemento de directrices dirixidas a implantar produtos sanitarios e procedementos de seguranza, así como un sistema de rexistro e vixilancia unificado de accidentes con risco biolóxico.

Por todo canto antecede, en virtude das competencias conferidas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-*Obxecto.*

1. Establecer as directrices para implantar os produtos sanitarios e procedementos de seguranza, co fin de minimizar a incidencia de accidentes con risco biolóxico nos profesionais das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde.

2. Establecer un sistema de rexistro e vixilancia unificado de accidentes con risco biolóxico nas institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde.

3. Establecer programas de capacitación e formación do persoal sanitario no uso de produtos sanitarios con sistema de seguranza antes de iniciar o seu emprego.

Artigo 2º.-*Definicións.*

Para efectos desta orde, entenderase por:

a) **Accidentes con risco biolóxico:** toda inoculación ou contacto accidental con sangue, tecidos ou outros fluídos corporais potencialmente contaminados por axentes biolóxicos, que sufra o traballador con ocasión ou a consecuencia das tarefas relacionadas coa actividade de asistencia sanitaria.

b) Acci3ns preventivas: procesos de actuaci3n establecidos coa finalidade de reducir ou, se 3 caso, eliminar os accidentes con risco biol3xico, dentro do conxunto de actividades ou medidas que deben adoptarse e prever en todas as fases de actividade da empresa.

c) Produtos sanitarios con dispositivo de seguridade: aqueles produtos sanitarios que incorporan sistemas de seguranza ou protecci3n e que est3n dese3ados co obxecto de eliminar ou minimizar os accidentes con risco biol3xico. Consideraranse produtos sanitarios con dispositivo de seguridade aqueles que figuran no anexo I desta orde e que cumpren os criterios especificados no snexo II.

d) Axente biol3xico: microorganismos, con inclusi3n dos xeneticamente modificados, cultivos celulares e endopar3sitos humanos, susceptibles de orixinaren calquera tipo de infecci3n, alerxia ou toxicidade.

e) Sistema de vixilancia de accidentes con risco biol3xico: rexistro estandarizado, sistem3tico e continuo de datos sobre accidentes con risco biol3xico para a s3a an3lise, interpretaci3n e utilizaci3n na planificaci3n, implementaci3n e avaliaci3n de programas de prevenci3n de riscos laborais.

Artigo 3º.-*Actuaci3n sanitaria.*

A autoridade sanitaria establecer3 as medidas necesarias para promover, difundir e implantar de xeito efectivo as acci3ns preventivas en materia de accidentes con risco biol3xico e creaci3n dun sistema de informaci3n 3nico para o seguimento epidemiol3xico de devanditos accidentes nas instituci3ns sanitarias do Servizo Galego de Sa3de.

Artigo 4º.-*Acci3ns preventivas en materia de accidente con risco biol3xico.*

As persoas responsables das instituci3ns sanitarias do Servizo Galego de Sa3de adoptaran as medidas necesarias para implantar nos procesos asistenciais de xeito efectivo, as acci3ns que permitan a reduci3n ou eliminaci3n da incidencia e gravidade dos accidentes relacionados con axentes biol3xicos.

As instituci3ns sanitarias, a trav3s das s3as unidades perif3ricas de prevenci3n de riscos laborais, implementaran as devanditas acci3ns integradas polas seguintes actividades:

1. Desenvolver un plan de prevenci3n do accidente con risco biol3xico, integrando a t3cnica, a organizaci3n do traballo, as condici3ns de traballo e a influencia dos factores ambientais no traballo.

2. Formaci3n, capacitaci3n e informaci3n das traballadoras e traballadores en materia de prevenci3n do accidente con risco biol3xico, incidindo de forma especial na importancia do cumprimento dos procedementos de traballo seguro.

3. Desenvolver procedementos de traballo seguro que minimicen o risco de exposici3n aos axentes biol3xicos.

4. Implantar na actividade sanitaria dispositivos de seguranza que minimicen o risco de exposici3n aos axentes biol3xicos.

5. Planificar e protocolizar os procesos e actuaci3ns derivados do accidente con risco biol3xico.

6. Difundir o devandito protocolo de actuaci3n aos servizos, traballadoras e traballadores e os seus representantes, garantindo o seu co3ecemento en toda a li3a xer3rquica.

7. Implementar un sistema de vixilancia dos accidentes con risco biol3xico que permita a avaliaci3n sistem3tica e continua do devandito risco e das medidas preventivas adoptadas.

8. Desenvolver un sistema de informaci3n dos accidentes con risco biol3xico nas instituci3ns sanitarias do Servizo Galego de Sa3de.

Artigo 5º.-*Implantaci3n dos dispositivos de seguranza fronte ao accidente con risco biol3xico.*

As persoas responsables das direcci3ns xerencias das instituci3ns sanitarias do Servizo Galego de Sa3de:

a) Adoptaran as medidas preventivas necesarias en relaci3n ao accidente con risco biol3xico, de acordo cos seguintes principios xerais: evitar os riscos; avaliar os riscos que non se poidan evitar; ter en conta a evoluci3n da t3cnica; e substituir o perigoso polo que entra3e pouco ou ning3n perigo.

b) Informaran e consultaran aos delegados de prevenci3n, coa debida antelaci3n, da adopi3n das decisi3ns relativas 3 introduci3n de novas tecnolox3as, en todo o relacionado coas consecuencias que estas puidesen ter para a seguranza e a sa3de das traballadoras e traballadores, derivadas da elecci3n dos novos equipos.

c) Planificar3n e programaran, seguindo os criterios das unidades perif3ricas de prevenci3n de riscos laborais, a introduci3n dos produtos sanitarios con dispositivo de seguranza de forma progresiva, para poder asumir paulatinamente estes novos gastos de acordo aos prazos de implantaci3n do artigo 9º.

Esta implantaci3n e substituci3n progresiva establecerase considerando simultaneamente os criterios de impacto do dispositivo tradicional en termos de:

-Frecuencia de inoculaci3ns atribuidas a este.

-Gravidade potencial da inoculaci3n.

Segundo este criterio priorizaranse, nun primeiro paso de implantaci3n, aqueles dispositivos que act3an directamente sobre veas ou arterias.

A lista indicativa dos produtos sanitarios con dispositivo de seguranza que se vai implantar de forma graduada que se presenta no anexo I deber3 ser

obxecto de continuas actualizacións en función do progreso técnico.

Os dispositivos de seguraza deberán cumprir os requisitos mínimos que se listan no anexo II.

Artigo 6º.-Capacitación, formación e información.

As persoas responsables das direccións xerencias das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde promoverán as medidas adecuadas para a capacitación e formación do persoal sanitario no uso de produtos sanitarios con dispositivo de seguraza, así como para a implantación de prácticas de traballo máis seguras.

Con carácter xeral, facilitaráselles aos profesionais con riscos de exposición a axentes biolóxicos toda a información necesaria en materia de prevención de riscos laborais que sexa exixible conforme a lexislación aplicable. Así mesmo, intensificaranse os programas formativos dirixidos ao persoal en que se identifiquen riscos asociados aos patóxenos de contaxio sanguíneo.

Neste proceso de formación e capacitación contarase coa participación da representación das traballadoras e traballadores, a través das súas respectivas organizacións asociativas, corporativas e de representación.

Artigo 7º.-Sistema de vixilancia dos accidentes con risco biolóxico.

As direccións xerencias das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, a través das súas unidades periféricas de prevención de riscos laborais, implantarán o rexistro de accidentes con risco biolóxico que o Servizo Central de Prevención de Riscos Laborais desenvolva para tal efecto. Devandito rexistro estandarizado incluírá variables tempoespaciais descritoras do accidente, axente material, mecanismo da lesión e factores contribuíntes ou concorrentes. O devandito rexistro será a base para prover, a nivel centralizado, un sistema de información de accidentes con risco biolóxico do Servizo Galego de Saúde.

En cada institución sanitaria, o persoal sanitario da unidade periférica de Prevención de Riscos Laborais correspondente, e no seu ámbito de actuación, deberá analizar a devandita información con criterios epidemiolóxicos e colaborar co resto dos compoñentes da unidade co fin de:

- a) Investigar as causas do accidente con risco biolóxico;
- b) Propor as medidas necesarias e
- c) Avaliar as intervencións adoptadas.

Na planificación das accións para prevención de accidentes con risco biolóxico, integraranse as medidas técnicas, así como as medidas relacionadas coa organización do traballo e coas condicións de traballo.

Artigo 8º.-Sistema de información de accidentes con risco biolóxico.

O sistema de información de accidentes con risco biolóxico do Servizo Galego de Saúde será centralizado no Servizo Central de Prevención de Riscos Laborais, adscrito á Subdirección Xeral de Políticas de Persoal da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional, que analizará de forma global, sistemática e periódica as características epidemiolóxicas e tendencias da sinistralidade laboral por risco biolóxico. Así mesmo, todas as direccións xerencias, a través das súas unidades de prevención, poderán acceder a toda a información xerada e introducida sobre os accidentes rexistrados nos seus centros de traballo.

Neste procesamento centralizado de información garantirase a confidencialidade individual, e a información que inclúa datos de carácter persoal limitárase á estritamente permitida pola normativa reguladora.

O sistema de información cumprirá cos criterios de confidencialidade segundo o disposto na lexislación vixente, Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e o Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

O Servizo Central de Prevención de Riscos Laborais custodiará esta información global, analizaraa con criterios epidemiolóxicos e difundirá os resultados de devanditas análises garantindo as seguintes premisas:

1. Non aplicar ou utilizar os datos para obxectivos ou fins distintos aos da vixilancia epidemiolóxica.
2. Non distribuír copias a terceiros dos datos individuais, xa sexa de forma completa ou parcial.
3. Adoptar as medidas de seguraza de nivel alto descritas no Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.
4. Non identificar os traballadores accidentados individualmente.
5. Adoptar as medidas de índole técnica e organizativa necesarias que garantan a seguraza dos datos e evitar a súa alteración, perda, tratamento ou acceso non autorizado.
6. Publicar sempre datos de forma agregada.

Artigo 9º.-Programa de implantación de produtos sanitarios con dispositivo de seguraza.

A implantación no Servizo Galego de Saúde dos produtos sanitarios con dispositivos de seguraza, recollidos no anexo I desta orde, realizarase de for-

ma progresiva e implicará a substitución completa dos dispositivos tradicionais facéndose extensiva a todos os servizos e unidades sanitarias.

1. A partir da entrada en vigor desta orde todos os centros servizos e establecementos sanitarios do sistema público galego deberán:

-Adaptar, nun prazo non superior a 6 meses, os procedementos de compras para a adquisición dos produtos relacionados no anexo I desta orde, ás condicións mínimas de seguranza establecidas no anexo II.

-Implantar, nun prazo de 18 meses, os produtos con sistema de seguranza no 60% dos postos de traballo.

-Implantar, nun prazo de 30 meses, os produtos con sistema de seguranza no 100% dos postos de traballo.

2. No prazo máximo de 12 meses desde a entrada en vigor da orde, os servizos centrais do Servizo Galego de Saúde desenvolverán un único rexistro estandarizado dos accidentes con risco biolóxico, ao que estarán vinculados todas as unidades de vixilancia da saúde do Servizo de Prevención de Riscos Laborais, co obxecto de rexistrar e avaliar todas as incidencias relacionadas cos devanditos accidentes.

3. Os programas de formación e capacitación do persoal sanitario definidos con anterioridade á entrada en vigor desta orde deberán adaptarse aos programas de implantación de cada dirección xerencia, tanto en prazo como en contidos, garantindo a formación e capacitación das traballadoras e traballadores no uso dos novos produtos sanitarios, antes do comezo da súa utilización.

Disposición derogatoria

Única.-Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto nesta orde.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Unidades periféricas de prevención de riscos laborais.

As unidades periféricas de prevención de riscos laborais asesorarán e apoiarán, xunto con outras unidades sanitarias, ás direccións xerencias das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde na execución do programa implantación de produtos sanitarios con dispositivo de seguranza de acordo ao establecido nesta orde.

Segunda.-Habilitación.

Habíltese conxuntamente as divisións de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional e de Asistencia Sanitaria do Servizo Galego de Saúde para actualizar o contido dos anexos I e II, así como para ditar cantas resolucións exixa o cumprimento

do previsto nesta orde en función das súas respectivas competencias.

Terceira.-Entrada en vigor.

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 15 de setembro de 2008.

María José Rubio Vidal
Conselleira de Sanidade

ANEXO I

Táboa indicativa de produtos sanitarios de seguranza

-Adaptadores para sistema de extracción múltiple por baleiro.

-Adaptadores para sistema de extracción de hemocultivos.

-Agullas con aletas de seguranza para canalización de vía periférica.

-Agullas con aletas extracción.

-Agullas de seguranza adaptable a sistema para extracción de sangue con tubos sen carga.

-Agullas de seguranza para fístulas arteriovenosas.

-Agullas de seguranza para reservorio.

-Agullas hipodérmicas de seguranza.

-Agullas para pluma de insulina.

-Agullas roma.

-Campás para extracción por baleiro.

-Catéteres periféricos de seguranza.

-Contador de agullas.

-Colectores desbotables.

-Dispositivos de seguranza para incisión capilar.

-Lanceta automática de seguranza adultos.

-Lanceta automática de seguranza pediatría.

-Sistema cerrado e integrado con catéter intravenoso de seguranza.

-Válvulas simples e bifurcadas de seguranza para catéteres.

-Xiringas para gasometría con agulla de seguranza.

-Xiringa de insulina con agulla incorporada de seguranza.

-Xiringa precargada estéril envasado unitario para lavado de vías intravenosas.

-Xiringa de seguranza con agulla de tecnoloxía retráctil.

ANEXO II

Condições mínimas dos dispositivos de seguraza que deben reunir os produtos sanitarios reflitados no anexo I

-A estrutura dos dispositivos de seguraza terá sempre como fin primordial a eliminación de obxectos punzocortantes.

-O dispositivo de seguraza non debe comprometer en ningún caso a saúde do paciente.

-En todo caso, o mecanismo de seguraza debe estar integrado no dispositivo.

-A activación do mecanismo de seguraza deberá de manifestarse ao usuario mediante un sinal auditiva, táctil ou visual.

-O mecanismo de seguraza non poderá ser desactivado e manterá a súa actividade protectora ata que o dispositivo estea depositado nun colector de obxectos punzocortantes.

-Sempre que sexa posible, a activación do mecanismo de seguraza será realizada polo profesional sanitario utilizando só unha man.

-O dispositivo de seguraza debe ser compatible con outros accesorios que se poidan utilizar.

-O dispositivo de seguraza deberá ser fácil de utilizar, práctico, fiable e eficaz para alcanzar a súa finalidade.

Orde do 16 de setembro de 2008 pola que se establece o procedemento para a adaptación de postos e condicións de traballo por razóns de protección da saúde e da maternidade nas institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde.

A Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, como manifestación do principio xeral de adaptación do traballo á persoa previsto no seu artigo 15, establece a obriga empresarial de garantir de maneira específica a protección dos/das traballadores/as que polas súas singulares características persoais, ou estado biolóxico coñecido, sexan especialmente sensibles aos riscos derivados do traballo (artigo 25). Igualmente prevé medidas específicas de protección da maternidade (artigo 26). En correspondencia, o persoal está obrigado a cumprir as medidas de prevención que se adopten para garantir a súa propia seguridade e saúde e a das persoas ás cales poida afectar a súa actividade profesional (artigo 29).

Con independencia dos dereitos e obrigas incorporados á Lei de prevención de riscos laborais e á normativa de desenvolvemento, o Decreto 206/2005, do

22 de xullo, sobre provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, na sección terceira do capítulo IV habilita o Servizo Galego de Saúde para establecer especificamente os procedementos, criterios e mecanismos de control para a execución da mobilidade por razóns de protección da saúde e da maternidade do persoal estatutario.

O mesmo decreto, na orde de prioridades das medidas que se deben adoptar para a dita protección, establece en primeiro lugar a adaptación dos postos e as condicións de traballo na institución de destino. Esta previsión resulta razoable nun sistema que establece a libre concorrencia, e os procedementos competitivos regrados, como principio ordenador da mobilidade do persoal entre diferentes institucións sanitarias.

Por iso, e sen prexuízo doutras medidas que no futuro proceda adoptar sobre esta materia, considérase oportuno neste momento ordenar en primeiro lugar o procedemento que nas institucións sanitarias debe seguirse para a adaptación de postos e condicións do seu desempeño e, subsidiariamente, para o cambio de posto de traballo por razóns de protección da saúde e a maternidade.

En último termo, o procedemento procura facilitar ás xerencias e ás súas unidades de prevención (estrutura incorporada ao Plan xeral de prevención de riscos laborais do Servizo Galego de Saúde) criterios homoxéneos de actuación no exercicio das súas funcións e competencias en materia de prevención de riscos laborais.

Por todo o exposto, en virtude das facultades que me confire o artigo 32 da Lei 7/2003, do 9 de decembro, de ordenación sanitaria de Galicia; o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, da Xunta e a súa Presidencia; a disposición derradeira do citado Decreto 206/2005, do 22 de xullo, e o artigo 3 do Decreto 46/2006, do 23 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

Constitúe o obxecto desta orde establecer determinadas actuacións de adaptación de postos e condicións de traballo, e de cambios de postos de traballo, dirixidas á protección da saúde e a maternidade do persoal das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde. Para tales efectos establécese un procedemento de xeral aplicación nas ditas institucións.

Artigo 2º.-Principios xerais.

1. Todas as actuacións previstas neste procedemento están dirixidas á protección da saúde e a